

Non ó AVE por Terra de Montes

A decisión do Ministerio de Fomento de variar o trazado do tren de alta velocidade (AVE) -inicialmente previsto pola beira do Miño- e desvialo por Cerdedo por mor das presións dos empresarios de Pontevedra, ven supoñer unha agresión para a economía da Terra de Montes, tanto ao seu modelo tradicional, agrícola e gandeiro, coma a outras actividades introducidas recentemente. Tamén o supón para o seu patrimonio natural, artístico, etnográfico e arqueolóxico, que se verá notablemente afectado. Algúns dos espazos naturais polos que discurrirá o corredor están recoñecidos dentro da rede Euro Natura.

O novo trazado constituirá, por outra banda, unha irracional barreira artificial nunha comarca con numerosos núcleos de poboación, dividindo bisbarras e parroquias que quedarán comunicadas por pasos situados a varios centos de metros uns dos outros, co que isto conleva de prexuízo para a vida social e económica da comarca.


Outro feito non menos grave é o secretismo do Ministerio e o seu desprezo máis absoluto para cos afectados. As decisións tómanse e imponse por decreto dende Madrid, ignorando as peculiares características demográficas da zona e a desfeita que na mesma vai provocar o proxecto ferroviario en cuestión. As xentes do común serán as vítimas, unha vez máis, dun plan alleo aos intereses de Galiza.

A Asociación Ecoloxista e Cultural da Terra de Montes "Verbo Xido" considera que o tren de alta velocidade non aporta ningunha mellora ás comunicacións na nosa terra. O colectivo insiste na urxente mellora das liñas de ferrocarril actuais e na configura-

ción dun trazado, de carácter radial, que poida atender ás necesidades de todos os galegos e galegas, e non a intereses alleos e de colectivos de alto poder adquisitivo, se temos en conta os precios dos billetes do AVE. Un exemplo ilustrativo constitúe a liña Vigo-A Coruña, unha das máis rendibéis de España e, ao mesmo tempo, unha das que teñen unha prioridade máis baixa para recibir investimentos.

"Verbo Xido" denuncia, asimesmo, que, ao marxe da dubidosa rendibilidade e da utilidade pública do tren de alta velocidade, o que se agacha detrás do proxecto é un lucrativo negocio que coloca inmensos beneficios na conta de resultados dunha manchea de empresas: Renfe ven de adxudicar a Talgo e Siemens o maior contrato da súa historia. Ambas as dúas firmas fabricarán un total de 40 unidades do AVE por un importe total de 1.603 millóns de euros (270.580 millóns de pesetas) -Renfe adxudicou contratos por valor de 9.341 millóns de euros (un billón e medio de pesetas) nos últimos catro anos-.

Por todo isto, a asociación demanda dos alcaldes de Terra de Montes unha posición conxunta de rexeitamento do novo trazado, ou, como mal menor, a proposta ante o Ministerio dun pasillo alternativo que non afecte as zonas máis sensíbeis, tanto ecolóxica como economicamente. A comarca xa está dabondo castigada pola proliferación brutal de parques eólicos, mini-centrais eléctricas, canteiras, vertedoiros incontrolados, etc. O novo trazado viría a engadir un factor máis de desequilibrio, poñendo en perigo o seu desenvolvemento e o futuro das novas xeracións.



do proxecto é un lucrativo negocio que coloca inmensos beneficios na conta de resultados dunha manchea de empresas: Renfe ven de adxudicar a Talgo e Siemens o maior contrato da súa historia. Ambas as dúas

firmas fabricarán un total de 40 unidades do AVE por un importe total de 1.603

millóns de euros (270.580 millóns de

pesetas) -Renfe adxudicou contratos por valor de 9.341 millóns de euros (un billón e medio de pesetas) nos últimos catro anos-.

Por todo isto, a asociación demanda dos alcaldes de Terra de Montes unha posición conxunta de rexeitamento do novo trazado, ou, como mal menor, a proposta ante o Ministerio dun pasillo alternativo que non afecte as zonas máis sensíbeis, tanto ecolóxica como economicamente. A comarca xa está dabondo castigada pola proliferación brutal de parques eólicos, mini-centrais eléctricas, canteiras, vertedoiros incontrolados, etc. O novo trazado viría a engadir un factor máis de desequilibrio, poñendo en perigo o seu desenvolvemento e o futuro das novas xeracións.